

## INVESTIGADORES VIGUESES TRANSFORMAN RESTOS DE MILLO E

### VIÑAS EN DETERXENTE



Investigadores do departamento de **Enxeñaría Química** da **Universidade de Vigo** converten refugos agroindustriais en deterxentes naturais. Unha das participantes, Xanel Vecino, é a autora dunha tese de doutoramento que aposta polo aproveitamento e revalorización de refugos da industria vitivinícola e polo procesado do millo. Trátase de obter produtos de interese industrial como son os **biosurfactantes**, deterxentes naturais susceptibles de ser aplicados en farmacia ou en cosmética, así como os **bioabsorbentes**, de elevada utilidade no tratamento das augas residuais.

Na actualidade a maioría dos produtos que se comercializan na industria cosmética e farmacéutica, incluídos os medicamentos, conteñen na súa composición deterxentes sintetizados quimicamente, que tamén se empregan en moitos casos en actividades de limpeza. O motivo polo que no se empregaron ata agora os biosurfactantes é polo alto custe, algo que os investigadores de Vigo tratan de reducir, de aí a importancia.